

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade viaria depende, como é sabido, de múltiples factores e entre eles ten unha especial relevancia o estado da vía e dos elementos que a rodean.

Na nosa cidade téñense producido notables avances na ordenación e sinalización viaria, logrando unhas infraestruturas que ofrecen cada paso maior seguridade para vehículos e peóns.


Con todo, para garantir unha permanente mellora da seguridade faise necesario manter e revisar periodicamente a situación das vías, para evitar circunstancias que dificulten ou reduzan as condicións de visibilidade.

No xardín central da medianeira da Avenida de Lugo, fronte ás escaleiras de acceso á estación ferroviaria, a altura dos arbustos existentes causan grandes dificultades para unha correcta visión do tránsito na súa contorna, de forma moi especial á hora de ver os vehículos que se incorporan á rotonda desde a rúa do Hórreo.


Tratando de contribuír á mellora das condicións de seguridade nesta zona, e en todas aquelas que teñan o mesmo problema, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte Rogo:

Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións pertinentes para reducir ou limitar a altura das plantas nas rotondas e medianeiras das vías, co reempazo daqueles arbustos que polo seu crecemento impiden a correcta e imprescindible visibilidade de vehículos e peóns.

Santiago de Compostela, a 25 de novembro de 2015.



Asdo.: Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular



Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela